

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa ALLIED STEEL INTERNACIONAL S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, no que se establece a estrutura orgánica da consellería e o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, don ----, en representación da empresa ALLIED STEEL INTERNACIONAL, S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don ----, con data ----, e número de protocolo ---.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, especifica no seu artigo 55 que o carácter dual da formación profesional se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación, e que se promoverá a corresponsabilidade coa formación profesional dos centros e das empresas ou dos organismos equiparados.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas persoas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa colaboradora.

6º. Que a empresa asinante está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa ALLIED STEEL INTERNACIONAL S.L. para a implantación dun proxecto de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa e no IES Plurilingüe Castro da Uz.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O proxecto de formación profesional dual deste convenio, ten as seguintes características:

a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 46/2010 do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Soldadura e caldeiraría.

b. Terá como duración desde o 01/09/2022 ata o 31/08/2024

c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos na ensinanza correspondente á obtención do título de técnico en Soldadura e caldeiraría.

d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vivencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadia do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos das ensinanzas correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Segunda. As concrecións deste proxecto de formación profesional dual para a ensinanza de Soldadura e caldeiraría (distribución da formación curricular da ensinanza e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. A empresa asinante comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 3 alumnos e alumnas, para este proxecto de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A empresa asinante colaborará coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade das persoas candidatas en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a empresa se compromete a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. A empresa asinante comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante. Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

a. A empresa asinante achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 500 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente na empresa. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora na empresa.

b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados/as ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

c. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa colaboradora e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadia do alumnado na empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinará a empresa no período de estadía do alumnado na empresa.

Oitava. Consonte o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 15 de xaneiro de 2020 (DOG do 27 de xaneiro de 2020), o alumnado deste proxecto poderá dispoñer da certificación da formación de nivel básico en prevención de riscos laborais con anterioridade ao período de formación na empresa, sempre que a correspondente formación se inclúa no programa formativo previo ao período de estadía do alumnado na empresa.

Novena. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado. A empresa asinante nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación. Así mesmo, o centro educativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Décima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do centro educativo IES Plurilingüe Castro da Uz.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.
- Unha persoa representante da empresa ALLIED STEEL INTERNACIONAL, S.L..

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades actuará como secretario ou secretaria.

Décimo primeira. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo segunda. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á(s) outra(s) cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre as partes asinantes.
- e. Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- f. Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.

Décimo terceira. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo cuarta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, tal e como indica o seu artigo 4.

Décimo quinta. Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo sexta. Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano.

**O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades**

Asdo.: Román Rodríguez González

**O representante da empresa ALLIED
STEEL INTERNACIONAL, S.L.**

Asdo.: -----

1. Anexo

1.1 Identificación

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a empresa ALLIED STEEL INTERNACIONAL S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Código: C2022009804

1.2 Distribución de postos de formación por ensinanza

Ensinanza	Nº de prazas
CM Soldadura e caldeiraría	3

1.3 CM Soldadura e caldeiraría

1.3.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
ALLIED STEEL INTERNACIONAL, S.L.	3
Total	3

1.3.2 Distribución da formación curricular da ensinanza en Soldadura e caldeiraría

Duración do proxecto			Curso 2022-2023	Curso 2023-2024	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (62 %)	717 h	520 h	-
	Empresa	Formación na empresa (38 %)	243 h	110 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de traballo.

1.3.3 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.3.1 Curso 2022-2023

Planificación

Formación no centro educativo
Actividade profesionalizadora / formación na empresa

Curso 2022-2023												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0007	Interpretación gráfica	133	100	33
MP0091	Trazado, corte e conformación	213	180	33
MP0092	Mecanizado	160	100	60
MP0093	Soldadura en atmosfera natural	347	237	110
MP0096	Formación e orientación laboral	107	100	7
Total		960	717	243

1.3.3.2 Curso 2023-2024

Planificación

Formación no centro educativo
Actividade profesionalizadora / formación na empresa

Curso 2023-2024												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0006	Metroloxía e ensaios	123	113	10
MP0094	Soldadura en atmosfera protexida	261	211	50
MP0095	Montaxe	193	143	50
MP0097	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
Total		630	520	110